

► Onde e cando



APPROVED FOR ADOPTION

UNHA LECCIÓN DE VIDA



el **Documental** del[®] mes

CGAC | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 11 DECEMBRO 2014 | 20:30 H
VERSIÓN ORIGINAL SUBTITULADA EN CASTELÁN



Unha iniciativa de:

parallel 40

Coa colaboración de:



Generalitat de Catalunya
Departament de Cultura



Ajuntament de Barcelona
BARCELONA CULTURA



Síguenos:

facebook.com/documentaldelmes

twitter.com/docdelmes

www.eldocumentaldelmes.com

APPROVED FOR ADOPTION

FRANCIA, BÉLGICA | 2012 | 75 MINUTOS | V.O. EN FRANCÉS SUBTITULADA EN CASTELÁN

A HISTORIA



Jung é un debuxante de 42 anos segundo o Rexistro. El prefere pensar que naceu o día que, con 5 anos de idade, foi atopado por un policía, perdido polas rúas de Seúl. Foi un dos 200.000 coreanos abandonados e adoptados por familias de todo o mundo.

Superados os 40, Jung decide volver a Corea do Sur por primeira vez e coñecer o país que o viu nacer, pisar a terra dos seus devanceiros e, se é posible, atopar o rastro da súa nai biolóxica. Unha viaxe física e emocional de retorno á infancia que lle permitirá reconciliarse coas súas raíces e descubrir a súa verdadeira identidade.

OS DIRECTORES

Nado en Seúl (Corea do Sur) Jung Henin foi adoptado por unha familia belga en 1971. Estudou na Academia de Belas Artes de Bruxelas e iniciouse no mundo da ilustración a través de artigos e portadas de distintas publicacións. En 1991 editouse a súa primeira obra e en 2001 publicou o cómic *Couleur de peau: Miel* (Cor de pel: mel), un relato autobiográfico en branco e negro no que se basea *Approved for Adoption*.

Laurent Boileau traballou durante dez anos como cámara e editor en varios documentais. En 1999 empezou a dirixir. A súa paixón polos cómics e as artes gráficas levouno a realizar diversas películas sobre a novena arte.



FICHA TÉCNICA

Dirección, guión e animación: Jung Henin e Laurent Boileau
Fotografía: Remon Fromont
Montaxe: Ewin Ryckaert

Son: Dan Vanbever
Música: Siegfried Canto